

ACTA DO CONSELLO TERRITORIAL DO VAL

Data: 19 de abril de 2022

Lugar: Local Social do Val

Hora de comezo: 16.00 h.

Hora de remate: 18:00 h.

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Catalina M^a García Blanco (Concelleira de Participación)
- José Ibán Santalla Borreiros (Terra Galega)
- Santiago Galego Castro (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Estrella Castrillón Vidal (Partido Popular)
- Olaia Margarita Ledo Díaz (Bloque Nacionalista Galego)
- Margarida Leirachá Pita (AVV Os Irmandiños)
- José Antonio Casal Espiñeira (AVV Os Irmandiños)
- Rocío Coira Fernández (Asociación Nosa Señora de Chamorro)
- José Vicente (Veciño da parroquia)
- Ruth Martínez Casteleiro (Veciña da parroquia)
- Manoli (Veciña da parroquia)

Xunto con Martín Vázquez Añel en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

ORDE DO DÍA

1. Información sobre o estado das Asociacións, preguntamos a cada representante como se atopa a súa entidade nestes momentos, que previsión de actividades teñen para os próximos meses e que precisan do Concello para poder desenvolver a súa labor. Este bloque é o principal dos Consellos Territoriais de primavera.

2.Revisión das necesidades/propostas compartidas nos últimos Consellos Territoriais (do segundo semestre do ano pasado). Aínda que a actualización sobre as cuestións compartidas é algo sobre o que traballar principalmente nos Consellos Territoriais de outono (para ver o avance con respecto ás necesidades de primavera), na segunda parte do Consello revisamos aquelas cuestións recollidas na folla de seguimento das que a veciñanza solicita información.

3. Compártense por medio dunha rolda **novas necesidades/propostas** ás que, na medida do posible, se responde no propio Consello Territorial, incorporando aquelas que precisen de estudo ou revisión á folla de seguimento.

4. Resposta por parte do Goberno local, así como recollida de intervencións por parte do resto de Concelleiros/as da Corporación.

DESENVOLVEMENTO

Benvida e apertura

Catalina García dá a benvida a todas as persoas participantes. Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

Actualización do estado das cuestións recollidas no anterior CT

Faise un repaso polos temas recollidos na anterior convocatoria e o estado dos mesmos.

- A conservación do patrimonio cultural/ambiental: Pídense explicacións sobre o emprego de maquinaria pesada nas talas da contorna dos Castros (que perxudica o patrimonio), sobre o estado da senda Ártabra, aínda non rematada (a veciñanza considera que debería avaliarse a intervención realizada no primeiro tramo, xa que concordan en que existe unha alta probabilidade de deterioro) e sobre o estado da capela de Santa Margarida. Tamén se pón de manifesto a preocupación pola praga de moscas, un problema de saúde pública que, ademais, está xerando moitos gastos á veciñanza.
- A xestión dos residuos: Solicítase información sobre a colocación dos colectores e a participación da veciñanza na planificación, co obxectivo de solucionar problemas no acceso ás vivendas. Ibán Santalla explica que a instalación dos colectores foi deseñada xunto a asociación veciñal, mais que este deseño puido ser modificado debido a cambios nas rúas e nos sentidos da marcha. Tamén se incide na importancia de implementar a aposta municipal pola compostaxe, sinalando que a instalación e o uso dos composteiros é insuficiente.
- O mantemento do viario: Esíxese resposta e intervención sobre as seguintes zonas:
 - Vial AC116.
 - Instalación de beirarrúas na estrada de Santa Margarida (no polígono).
 - Proxecto para un enlace/saída/conexión do viario na Concha.
 - Mantemento do camiño do Grandal.
- A ampliación do CRA e o servizo de comedor: Dende a ANPA do CRA xorden varias propostas en torno á ampliación do centro e dos servizos do mesmo (concretamente un servizo de comedor). Solicítase un estudo sobre a evolución demográfica da parroquia para amosar a necesidade desta ampliación solicitada. Ibán Santalla e Catalina García quedan pendentes de informar sobre

o estudo e promover conversas entre a Concellería de Ensino e a Xunta de Galicia, así como indagar sobre a posibilidade de que a Asociación Nosa Señora de Chamorro colabore co CRA proporcionando o servizo de comedor.

Tamén se fala doutras cuestións que preocupan a veciñanza como:

- O estado de elaboración do PXOM.
- A dinamización xuvenil.
- As melloras e obras pendentes no local social.
- Interese en desenvolver un proxecto de residencia/vivenda tutelada para persoas con discapacidade intelectual (da man da Asociación Nosa Señora de Chamorro).
- Problemáticas xerais derivadas do contexto socioeconómico, como a perda de poder adquisitivo das familias - detección de necesidades.

PECHE

Péchase a reunión, cúbrese a folla de rexistro das persoas participantes, así como a de protección de datos e dereitos de imaxe, e despídese ata a seguinte convocatoria.

No Val, a 19 de abril de 2022.

A Secretaría